

Bos días familias,

como cada semana remítovos posibilidades de traballo para facer cos nenos e nenas na casa. Estes días estamos a traballar a primavera e ademais na semana que nos ocupa temos unha celebración especial. Trátase do día do libro o “23 de Abril”. Propóñoovos polo tanto actividades en torno a esta celebración.relacionada cos libros.

- **O MEU CONTO PREFERIDO**

Esta actividade consiste en facer un debuxo relacionado co conto que a cada un dos nenos/as lles guste moito, pode ser do personaxe , dunha escena do conto, da portada ...do que queirades, incluso do adorno do título, etc.

Cando a teñades enviarme a foto e eu contestareivos cunha sorpresa a cambio que vos mandarei a través dos vosos correos.

- **FACEMOS UN MARCAPÁXINAS**

Esta actividade admite moitas posibilidades, podedes facer collage con flores ou cousas que teñen que ver coa primavera, facer co pegadas de dedos , ou colorear debuxos. Podedes utilizar varias técnicas, pintura de dedos, papeis de cores. Póñoovos ideas, escollede a que mais axeitada vexades ás vosas posibilidades.





A continuación amósovos manualidades como todas as semanas, nas que

traballamos diferentes conceptos. Tamén podedes seguir facendo as manualidades recomendadas anteriormente.


- **CARACOIS**

Ahora que estamos en primavera vemos sair máis caracois e mirade qué caracois máis chulos podemos facer! Enrolaremos anacos de papel traballando así a motricidade fina e os pegamos no corpo do caracol, ao que tamén lle pintamos ollos e boca.



- **OVOS CON NÚMEROS**

Deixovos unha plantilla de como podemos facer estes ovos a modo de puzzle. Os nenos e nenas deberán unir cada número cos puntiños correspondentes.



- **PUZLES**

Nun documento adxunto déixovos puzzles que serán para recortar e logo terán que facelos poñendo en orde os números. (Anexo 2)

- **FICHAS**

Como tódalas semanas deixarei un anexo con todas as fichas recomendadas para esta semana nas que traballamos diferentes conceptos. (Anexo 1)

- **NOS COMUNICAMOS**

Consiste en facer unha mensaxe para os demais, xa levamos tempo sen vernos e botámonos de menos polo que sería bo facer carteis aos amigos/as. Poden decoralo ou ben facer un debuxo, como mellor vexades, o importante é que se faga de corazón.

A finais desta semana farei a composición con todos eles e poñereivos no blog.

- **A MIÑA PRIMEIRA PALABRA**

Esta actividade considero que pode ser moi emotiva para toda a familia. Temos que pensar na primeira palabra que o neno/a pronunciou, así eles tamén descubren cousas que non sabían. Logo de descubri-la intentaremos escribirla nun papel para despois vela todos por foto e colgala no blog.

- **AS LETRAS DO ABECEDARIO**

Trátase de debuxar en tapas ou anacos de cartolina as letras e debaixo nun folio ou nun cartón ter debuxadas as mesmas letras para que os pequenos/as xunten as que son iguais.



- **ACTIVIDADE CON PLASTILINA**

Esta actividade é fácil de facer con plastilina. Despois de facer a espiral poden aproveitala e facer actividade de sopro.




- **CARREIRA DE SOPROS**

Outra actividade ca que traballamos o sopro é cunha carreira con pelotas pequenas ás que lles sopramos e podemos facer pasar por obstáculos.



- **A RECORTAR!**

Para traballar a motricidade podemos utilizar as tesoiras. Podemos facer debuxos aos que lles poñemos raias polas que os nenos e nenas teñen que recortar.



Tamén gustárame indicavos novamente o enlace de actividades para favorecer o desenrolo da psicomotricidade fina.

A semana anterior foi un pouco mais corta e tiñades moito a facer, é probable que non vos dera tempo a facelo todo.



<https://www.youtube.com/watch?v=9oHq-joy22w>

Recoméndovos nesta semana ter en conta algúns dos **XOGOS DE MESA** que tedes na casa para xogar con eles.

- **Xogo coa baraxa española**

É un bo recurso e seguro que todos/as tedes na casa. Podedes utilizar as cartas do 1 al 5 de cada un dos paus.

Inventar xogos con eles, facer clasificacións (poñer os 1 xuntos, os 2 etc.), facer montóns e levantar ¿Cal é o máis grande?, contade as cartas, etc.

- **Xogo coa baraxa do “xogo do 1”**

É probable que este xogo non o teñades pero podedes facelo. Consiste en tirar ao centro números e o que debe tirarse é o mesmo número para quedar sen carta.

Como son moitas cartas as do xogo orixinal podedes xogar só cos números do 1 ao 5/6. Será suficiente para eles. Axúntovos o enlace abaixo

https://www.youtube.com/watch?v=hi_jg8kATuc

- **Xogo da oca.**

Podedes xogar ao clásico ou ben atender ás orientacións dos profesores de Educación Física onde tedes un xogo da oca no que poden facer probas de movemento.

- **FACEMOS POMPAS DE XABÓN**

A nosa fada Piruleta e ao duende Cascabel gústalles moito facer pompas de xabón e aquí vos propoñemos unha idea para facelas na casa. Precisamos un recipiente con auga e xabón, unha botella baleira á que lle cortamos o fondo e unha tea con buracos ou un calcetín. Deixámosvos un vídeo para que vexades como se fai: <https://www.youtube.com/watch?v=9sThcAmF6Ps>



- **TARRO DO ABURRIMENTO**

Esta actividade serviranos para ter recursos aos que acudir cando os nenos e nenas nos repitan que se aburren. Neste tarríño iremos introducindo papeis nos que anotaremos actividades divertidas a facer e cando os pequenos/as se sintan aburridos iremos ao tarro e sacaremos tres papeis dos que se escollerá un e realizaremos esa actividade.



ESPAZO DE CONTOS

É importante que ao ler os contos mostren interese e despois da lectura falar co neno/a, qué foi o que pasou no conto, o que lle gustou, o que non lle gustou. Ao rematar podemos facer un debuxo do que máis nos gustou. Esta semana podemos prestarlle máis atención e traballar máis cos contos pois é o día do libro!

MONSTRUO ROSA



<https://www.youtube.com/watch?v=1ns78xuJYM>

EL GALLO KIRICO



<https://www.youtube.com/watch?v=SsMrFMM7O1A>

Para rematar, dicirvos que como sempre seguiremos as rutinas, pois é moi importante e ademais estes días teremos cumpres de novo!!

Sen máis, me despido familias. Darvos as grazas pola vosa participación e esforzo. Espero que a situación mellore canto antes e que todos/as o esteades levando o mellor posible.

Unha aperta grande e moitos bicos.

Paula